

Arredor d'O Divino Sainete

Xosé Luís Méndez Ferrín

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MÉNDEZ FERRÍN, XOSÉ LUÍS (2011 [1982]). “Arredor d’*O Divino Sainete*”.
En *A Trabe de Ouro*: 49, 73-81. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo
de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1021>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MÉNDEZ FERRÍN, XOSÉ LUÍS (1982). “Arredor d’*O Divino Sainete*”. En *A
Trabe de Ouro*: 49, 73-81.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de xullo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ARREDOR D'O *DIVINO SAINETE**

X. L. Méndez Ferrín

Miñas donas e meu señores, é un honor para min poderlles falar un chisco de ODS (*O Divino Sainete*), parolada que quixera adicar á memoria de tres currosaos que significaron moito na miña vida: Venancio Méndez Feijóo, Luis Soto Fernández e Celso Emilio Ferreiro Miguez; os dous primeiros de Vilanova dos Infantes, o derradeiro de Celanova.

De todos os escritores galegos do século XIX é Curros Enríquez o que me resulta máis próximo. Tiven aceso desde moi neno aos seus poemas, incluíndo ODS, de lectura daquela moi pouco recomendada, ouvinlle recitar fragmentos a moitas persoas maiores

* Conferencia dictada no Congreso Curros Enríquez celebrado en Celanova no ano 2001. O tema fora debatido polo autor, no mesmo ano, cos alumnos do 3º Ciclo na Facultade de Humanidades da Universidade de Vigo.

da miña familia e amigas e pasei longas tempadas da miña infancia en Vilanova dos Infantes onde escoitaba, con frecuencia, contos referidos a Curros nos cales o personaxe convertíase en lenda que non sempre, funno vendo, se correspondía co poeta máis ou menos real dos biógrafos, mesmo que algúns destes teñan gastado moita imaxinación nas súas obras. Con certeza, coñecín xentes que coñeceran a Curros persoalmente.

Na miña memoria, de xeito privilexiado, está viva unha de tales tradicións orais, de cuxa veracidade vostedes vulgarán posto que llela vou referir.

Manuel Curros, adolescente, baixaba moito de Celanova a Vilanova pola vella calzada da Pedra da Moa. Soía visitar as quintas feiras unha meniña chamada Manuela Salgado, coa que moceaba na horta da casa. Este namoro era ben coñecido polos pais da rapariga, que o consentían. Manuel, que era de casa rica, gastaba un carrique ou carrick, gabán con esclavina daquela moi de moda en Londres, e soía desvestirse da prenda, que penduraba na póla dunha mazaira, para estar coa Manuela. Nunha ocasión, o irmán pequeno desta, Isaciño, meteu a man nun dos petos e rouboulle dous réas.

Parece que Curros nunca se queixou e aínda lle escribiu á súa namorada esta cántiga, que de ser da súa autoría resultaría o primeiro poema coñecido do noso autor:

Pombiña que vas voando
pola cima do tellado,
lévalle esta carta eixiña
á Manuela de Salgado.

O que voou foi Curros, deixando estas terras, e Manuela Salgado casou e, entre outros fillos, tivo a Dona Sara Fernández Salgado, mestra nacional e nai de Luis Soto. En canto ao pillabán do irmanciño, este converteuse en Don Isaac Fernández Salgado, famoso eclesiástico que se desempeñou moitos anos como párroco da Trindade de Ourense. Dado que a este nunca lle restituira Curros os dous réas, todos os anos pregaba na misa do 15 de Setembro, festa do Cristal e aniversario do nacemento de Curros, pola salvación do poeta. Tal día coma hoxe.

Algo debe de haber de certo nesa estoria. Manuela Salgado vivía nunha casiña de Vilanova situada en Porto de Outeiro, lugar minúsculo e microtopónimo hoxe case esquecido polos veciños. Nembargantes, Curros, adulto, introduceo n'*A Virxe do Cristal*, sen vir, desde logo, moito a conto:

—Ónde vas, Xan de Ventrases?
—Vou cara Porto de Outeiro.

E iría. En fin.

Podíalles contar algúns contos máis dos que en tempos pasados e referidos a Curros ouvín nas lareiras, nas barberías e nas tabernas de Vilanova e de Celanova. Pero viñen eiquí para decer catro cousas sobre ODS.

Certamente ODS tivo má fortuna e foi recibido de xeito desprezativo por numerosos críticos literarios, e non só por aquel meu parente ultramontano, Valentín de Nóvoa, calristón coriáceo, senon tamén por outros de fasquía liberal aparente algún dos cales, nou-

tro punto deste mesmo Congreso, serán chamados a cabido por Anxo Angueira. Non é de extrañar este feito, dado que ODS é a obra poética de Curros máis deliberadamente doutrinaria. O que nos leva a pensar que, salvas as inmensas distancias, tamén lle aconteceu o mesmo a *De rerum natura*.

Si, por expór as teses materialistas de Epicuro e por combater a relixión Tito Lucrecio Caro nunca foi autor moi traballado nos bacharelatos nos que o latín era de obrigado curso e o libro de Curros que nos ocupa viuse rebaixado na doutrina común histórico-literaria de Galicia á condición de obra menor. O cal conduce a unha reflexión fundamental que parte da pregunta: ¿pode o Poema ser portador ou transmisor de ideoloxía?

Xeralmente, se se trata da ideoloxía mística e relixiosa que transmiten os poemas de Juan de la Cruz a resposta é si, pero non é tan unánime a aquiescencia se do que se trata é dos poemas contaminados con ideoloxemas políticos que só unha fracción de lectores comparten. Ninguén se atreve con Lucrecio, madialeva; pero son moitos os historiadores da literatura, os poetas contemporáneos, os lectores escolleitos de Curros dispostos a decer en voz baixa ou en voz alta que ODS e Curros no seu conxunto son un poema e un poeta menores, por ventura por achárense entrefebrados de ideas políticas. Certo, no poema cabe todo, pois que é linguaxe e non hai lingua sen nocións, sen ideas, sen significados. A condición única para que un poema con ideoloxía explícita (implícita teñen até mesmo os poemas que parecen destinados só ao goce sensorial) sexa bon é que sexa un bon poema.

De rerum natura e ODS sonno. Orabén, o primeiro, no que se formula a crítica radical á relixión e se expón a doutrina atomista materialista, esixía o estilo elevado, a dición preciosa, a elegancia soberbia, a perfección xestual. O segundo limítase á crítica política a determinada forma de relixión, á defensa protonacionalista da nosa literatura e á censura da reacción política, o que lle reclamou a Curros a forma de sátira. E toda sátira esixe un satirizado, boa parte dos leitores de ODS sonno, e reclama unha reacción do inimigo, se a sátira é eficaz. Isto explica que Curros sexa visto con mau ollo por numerosos receptores, de onte e de hogano. A sátira, que é lírica, que expresa a inimidade dun eu lírico, que amosa o odio, nunca gozou de moito respecto polos autores de poéticas, polos preceptistas, polos teóricos da literatura. Sempre se considerou que a lírica do amor, da dor íntima, da paisaxe, dos estados de falencia sentimental, digamos eiquí Saudade, mesmo da mística e do patetismo en xeral, era máis elevada, axioloxicamente relevante e valiosa en suma que a lírica da violencia sentimental contra persoas, ideas, cidades ou políticas contrarias.¹ Isto xogou tamén en contra de Curros: se este tendese ao sublime, coma Victor Hugo, non sería desprezado, máis tamén non sería visitado co fervor con que hoxe o facemos. Hugo está máis ben morto e como momificado e Curros segue a alporizarnos os pulsos.

Todo poema é histórico (vaia obviedade) pro ás veces a historia contemporánea do autor e dos seus lectores primitivos faise evidente, como é o caso de ODS. Daquela o poema corre un perigo real: que, transcorrida a época da súa concepción e primeira

¹ No caso da *Divina Comedia*, a sátira tolérase en tanto vai incorporada a un programa teolóxico e a un discurso narrativo de natureza excelsa, formulación alegórica e referencia platónica. Por parte, a sátira, na *Comedia*, está situada no lugar da *iniquitas*: no «Inferno».

recepción, envelleza, periclite, caduque. Tal tipo de poema só pode salvarse pola súa calidade, autenticidade, valor poético: é, naturalmente, o caso de ODS. O autor de ODS e o eu poético, o narrador, o que conta e fala do seu tempo histórico, dos seus amigos e amigas e das súas inimigas e inimigos, confóndense. Por elección enunciativa, Curros home real e Curros figura retórica que canta e relata son a mesma cousa, queren ser a mesma cousa. Veleiquí que podemos decer que ODS é un poema, entre outras propiedades, realista. Eu sosteño, fronte a unha opinión moi extendida, que a poesía pode ser realista, que mesmo a grande poesía, alén de doutrinaria, alén da ideolóxica, pode ser tamén realista e ODS, como Rosalía, é unha demostración contundente do que predico.

Curros, que non era un finxidor (ningún poeta merecente de tal nome foino nunca) tivo vontade de que o seu eu histórico, socio-político e persoal coincidise exactamente co eu poético que fala en ODS. Daquela, fáisenos imprescindible entrarmos no seu tempo e no lugar que Curros ocupou no seu tempo.

Tiña Curros tres anos cando, en 1854, seu pai colleu as armas e se uniu ao alzamento revolucionario que daría paso ao chamado Bienio Progresista. Sabemos, desde as últimas investigacións de Xosé Benito Reza, que José María de Curros nin era reaccionario nin era carlista, como reiteradamente se viña dicindo, senón un home de progreso, e, por moito que non se levara ben co ilustre fillo, as ideas del tiveron por forza que influir na configuración ideolóxica deste, así como o clima político que se respiraba en Celanova nos días da primeira infancia do poeta.

Aproveitamos para decer que o movemento revolucionario de 1854, que Marx e Engels analisan nas crónicas recollidas no libro titulado *Revolución en España*, onde se cita á Coruña e a Galicia, debe de ter unha especial importancia no noso País xa que culmina, no intre da reacción o'donellista, co episodio do Banquete de Conxo. Como se desprende da lectura da prensa da época e de *Los Precursores* de Murguía, aquela xeración nada nos anos trinta do século XIX, e que asistira na nenez aos acontecementos de 1846, volcou os seus entusiasmos no alzamento do 54. Pois ben, Rosalía, Pondal, Murguía, Víctor López Seoane, Eduardo e Alexandre Chao, e outros, forman parte desa xeración que é a dos mestres de Curros Enríquez. Se no político eles son demócratas (desde o 54 xa se diferencia entre liberais e demócratas), logo republicanos, no cultural e no plano galego propenden á rehabilitación da nosa lingua e da nosa nacionalidade con intensidades variabeis e son os fundadores da idea de Galicia como nación. Portanto, e desde as súas orixes, o nacionalismo galego foi sempre progresista e de esquerda.

Así, Curros, viviu o réxime da Restauración desde a oposición ao sistema e escribiu radicalmente en contra, existencialmente en desacordo e de forma aberta desde a disidencia ideolóxica e política. Moitos escritores, durante a Restauración, pensaban que era unha falla de educación e un atraso a escrita con contidos políticos de crítica, e pensaban que a monarquía alfonsí, con Cánovas e Sagasta a se turnaren, era o triunfo do liberalismo e o mellor dos sistemas posibles. Entre estes escritores do sistema atopábase, naturalmente, Emilia Pardo Bazán.²

² Case todo o mundo cita a Pardo Bazán aseñorándoa como *Doña Emilia* e a Rosalía de xeito familiar. Eu non farei así.

A católica Emilia advertía na súa crítica —máis política que literaria— a *Aires da Miña Terra*, que a lectura desta obra «ha sido prohibida por el Reverendo Obispo de Orense a sus diocesanos». Unha vez descarregada a súa coincidencia co aviso, a condesa pontificia decide pontificar na súa *Revista de Galicia*. Para ela, enxeñosa, en *Aires* habería dous libros: un bon, plausíbel e algo *pompier*, onde están as «auras frescas, sanas, balsámicas, impregnadas de manzanillas y romeros que aroman las lindes de *nuestros* campos»³ e outro libro, no que se detectan «las emanaciones enfermizas, calenturientas, no saturadas siquiera del olor industrial del carbón de piedra, sino de un tufo más fétido y asfijante todavía». Pardo Bazán combate este segundo Curros, autor ao que ela lle inventa coma unha dobre personalidade. A segunda é aborrecíbel para ela: «la de un demócrata *impresionado* y entusiasta como ya van quedando pocos, *tout dun pièce* y que dice en verso lo que en prosa temería proclamar por miedo a la sonrisilla escéptica que el desengañado último tercio del siglo XIX va adoptando como medio —tal vez el más eficaz— de combatir utopías que, al tomar cuerpo realizándose, a nadie espantarán tanto como a sus padres y patrocinadores». Xa vostedes saben que unha pantasma percorría Europa.

Non parece Pardo Bazán falar na Restauración senón no seo da súa segunda edición, a modo de farsa, que é o clima político e intelectual do actual réxime da Reforma Política ou II Restauración Borbónica. Xa non as reivindicacións nin a política radical poden ter lugar porque o imperio de Cánovas/Suárez, ou Sagasta/Felipe, ou a fosilización Fraga Iribarne, impón unha razón consensuada que atafega a liberdade de expresión. Pardo Bazán négalle o dereito á libre expresión e incentiva o Curros máis lírico ou aínda trivial. A poesía dotada de atributos políticos é delicto. Emilia Pardo Bazán recoñécelle a Curros talento, máis aconséllalle que se alonxe da política. Pola miña banda eu recoñezo a malicia. Coidado coas utopías políticas, que sempre resultan xeradoras de horror cando se poñen en práctica. O reaccionarismo de Pardo Bazán é tan intenso, tan radical, tan vivenciado, que aínda maravilla o feito de que haxa xentes dispostas a considerala unha muller aberta ao progreso, ás liberdades, e innovadora de calquera cousa que sexa no seu tempo.

Pero Pardo Bazán non entendiú só sobre Curros, senon sobre Pondal tamén, do que gustaba, ou sobre Rosalía. Ela estaba chamada a definir como e de que modo debía ser a literatura galega e ese modo represéntaselle de forma dialectal ou adxectiva, cousa que todos os lectores e redactores de *El País* e mais Camilo José Cela pensan tamén agora. A literatura «rexional» é un accidente, unha declinación da española, ao modo do peculiarismo extremeño de Gabriel y Galán. Logo deberá expresar só o primitivo, o inocente, o limpo, o aromático, o agradábel. Neste senso, se ela ben acepta a grandeza de Pondal, seguramente por entendela a medias ou por confundila con pobreza e orixinalismo primitivo, Pardo Bazán detesta os elementos fundamentais da grande Rosalía. Desta, non tolera a súa dimensión radical, institutiva, non pintoresca. Co cadáver de Rosalía aínda quente tivo o mau gosto de lle facer unha honra fúnebre na que, contumaz, reincidía en aceptar só unha parte da De Castro, como só aceptaba unha parte do Curros. No fondo, a lección de Pardo Bazán é esta: non hai alta literatura galega e en galego non se pode

³ A cursiva do posesivo é nosa. As condesas propenden a pensar que todos os campos lle pertencen.

sentir profundamente, innovar formal e universalmente do mesmo modo que non poden ser introducidos, tendo o noso idioma como vehículo, elementos ideolóxicos de signo democrático. O galego é unha fala provincial e unha literatura galega non consagrada á pintoresca descripción da peculiaridade superficial propia é impertinente. Non existe unha literatura nacional galega, pensa Pardo Bazán como pensan algúns dos modernos analistas da nosa cultura.

Pardo Bazán é árbitro e portavoz do rexime da Restauración. Este quería unha Galicia domesticada polos Gasset, Bugallal, Riestra, Montero Ríos (a esquerda do sistema, respectado por Curros) que renunciase á alianza constitutiva de democracia e protonacionalismo (digamos Murguía e os Chao) e integrase no rexime turnante e caciquil unhas letras galegas desprovistas de utopía, dinamismo revolucionario e capacidade de seren autónomas e nacional-populares. Curros Enríquez responde en ODS. Porque ODS é, entre outras cousas, unha defensa en regra da literatura galega como literatura nacional. Aí está o canon: Pondal, Rosalía, Añón, Vicetto, Murguía, el mesmo en función polémica. Mesmo os segundóns «apolíticos» como Lamas Carvajal. Os frustrados: Elices. Os novos como promesa de futuro. Non falta nin Xan da Coba; pero non figura Brañas.

Moitas veces tense presentado Curros como un poeta escasamente nacionalista no que predominan as punxencias revolucionarias universalistas ou cousa así. Pero non: ODS, entre outras cousas que poidamos tratar eiquí inda que esteamos reprimidos polo tempo para o facer, é, insistimos, unha defensa do sistema literario galego, ou da literatura nacional, ou do que Figueroa e Bourdieu chaman *campo nacional*, fronte aos que negan iso, dos cales é cabezaleira Emilia Pardo Bazán.

O campo nacional galego aparece en ODS atacado desde dúas posicións: a que, encabezada pola literata consabida, Pardo Bazán, viaxa no vagón da envexa, e a dos cregos que o fan no da gula e se adican a devorar os corpos de Murguía, dos escritores galegos e do mesmo Curros. Isto último, a carraxe dos cregos contra Murguía, que é o núcleo ideolóxico do protonacionalismo na súa esencia, significa que, en ODS, a Igrexa Católica aparece como inimiga do sistema literario e do campo nacional galego: nada máis verdade onte e hoxe. O que resulta extraño é que fose Catherine Davis (1979), e, na súa estela, R. A. Cardwell e John C. Wilcox, estudiosos estranxeiros, os que insistiran en que a Igrexa Católica e a oligarquía e o sistema burgués da Restauración odiaban politicamente Rosalía e a literatura galega e que Pardo Bazán encabezaba esa campaña arrasando Valera e Menéndez Pelayo contra o protonacionalismo por progresista. Logo algúns en Galicia pisaron no angazo e decatáronse.

A dereita, en Galicia, o carlismo, o constitucionalismo da Restauración, antes o moderantismo, eran contrarios ao nacionalismo. Eu como suxeito literario e político veño do 1854, do 1868, da I República, da oposición ao sistema da Restauración. Veño de xeito tan directo que un avó do meu mestre Otero Pedrayo era coronel esparterista, e, outro, avogado activo na desamortización de Madoz; seu pai, (de Otero Pedrayo) deputado (e determinados historiadores dalle con que Otero Pedrayo era fidalgo e conservador), abandeirou o movemento ourensán de apoio a Curros en ocasión do seu inícuo procesamento e escorrentou, cun discurso incendiario, o Bispo de Ourense e as forzas vivas da capital que fuxiron espaventadas en ocasión da chegada á Ponte-Canedo da primeira locomotora. Os devanceiros protonacionalistas foron sempre tropa revolucionaria, así

Deus me axude. Nós camiñamos sempre na *voye royale* da liberdade e da igualdade, por iso estamos orgullosos de sermos nacionalistas galegos hogano que a caza de bruxas e bruxos nacionalistas é deporte obrigado entre a mesocracia intelectual.

En ODS a cregaxe devora carnes e rilla ósos de Murguía, do propio Curros, de todos. O cal é derivado dun feito que nada ten que ver coa fe, coa relixión ou co ateísmo, cuestións que teñen sido moi discutidas a propósito de Curros e, moi especialmente, de ODS. A nós non debería interesarnos, como lectores, o feito de que Curros fose ou deixase de ser crente.

Pola súa biografía sábese que estaba fóra da Igrexa Católica e que pertenceu aos pedreiros-libres ou masonería. Neste Congreso, Patrocinio Ríos Sánchez demostrará que Curros estivo relacionado coa Igrexa Baptista en Madrid. Máis nada.

Curros, certamente, non estaba enfrentado co clero e coa Igrexa Católica por razóns de fe ou de espiritualidade. Estábao por razóns económicas e políticas, como o estivo o mellor de Europa desde o punto e hora en que os revolucionarios deciden expropiar os estamentos feudais, nobreza, monarquía, Igrexa Católica, e pór os seus bens en libre circulación mercantil. Logo, cando Bonaparte estende polos campos de Europa este novo réxime, dotándoo de racionalidade administrativa, consolídase a fenda entre os intereses católicos e os intereses da burguesía que navega a favor do vento da Historia. Tanto é así que os sistemas reaccionarios impostos en toda Europa a raíz da queda de Napoléon non darán conseguido a restauración plena dos poderes terrenais da Igrexa Católica, que sigue resentida. E os estralos revolucionarios subseguintes e o regreso dalgo semellante á democracia dará lugar, en todas partes, pero poñamos a España, á revolución desamortizadora de Mendizábal (1834-37), e, logo do alzamento de 1854, louvado por Marx e Engels e no que participara José María Curros coa espingarda na man e chapeo de copa, coma no cadro de Delacroix, á desamortización protagonizada polo sabio e laico profesor Gaspar Madoz.

De xeito que Curros, que nace nuha Celanova comercial, nova e resultado da expropiación dos bens conventuais, tal como Xosé Benito Reza lles explicará deica un pouco, é produto dunha época que, entre outras cousas, executa a desposesión das terras e dos fondos e das rendas das comunidades eclesiásticas, que, exclaustradas, adoecidas, conspiran eiquí co refugallo da nobreza en forma de carlismo. Carlismo que, en Galicia, onde non pode asumir a defensa de liberdades forais inexistentes coma nas Provincias Vascongadas e Navarra, non é aceptado por ninguén fóra dos cabidos catedrais e de xentes insignificantes coma o meu desgrazado parente Valentín de Nóvoa, grande inimigo de Curros, a quen eu citaba ao primeiro de todo desta conferencia. Así nolo ensina X. R. Barreiro que sabe do que fala.

Curros, como Murguía, como todos os que se movían no campo político literario pronacionalista, adoraba o Risorgimento italiano, a coloración tricolor da súa bandeira criptorrepublicana, a tonalidade vermella das camisas garibaldinas. Isto nótase ben en ODS. E non podemos esquecer que a unificación italiana escenificou o derradeiro capítulo do combate da civilidade contra os poderes económico-políticos do catolicismo. Curros, daquela na flor da vida, asiste entusiasmado á desaparición dos Estados Pontificios e a implantación do ensino público e do matrimonio civil na mesma Roma. Lería,

abraiado, a encíclica *Quanta Cura*, da que é apéndice o *Syllabus* (1864), e asistiría ao combate ideolóxico, terríbel, entre Pío IX e o mundo. Logo, vería, non sen esperanza, o ascenso de León XIII e asistiría aos intentos deste para acomodar razón e fe (*Aeternis Patris*, 1875) e liberalismo e catolicismo (*Libertas Praestantissima*, 1888). Decontado, Curros perdería toda esperanza, se é que a tivo. Nesta última encíclica, León XIII está servindo nada menos que a xustificación doutrinal ao réxime canovista que o celanovés combate desde a democracia, así coma a outros semellantes na Europa.

E se a *Libertas Praestantissima* é publicada no mesmo ano ca o ODS,⁴ no noso poema satírico Curros defóntase, sen acedume e con contundencia, co Papa da doutrina social da igrexa (a *Rerum Novarum* sería publicada no 91) que nunca, nunca, nunca asumiría a doutrina cristiá da pobreza: nunca se cumpren «os programas liberais». Sobre todo os dun liberalismo benzoado desde as alturas e posto ao servizo da recuperación do poder temporal da Igrexa Católica.

Por aquelas datas, Victor Hugo, na súa casa de Praza dos Vosgos, tan semellante á natal de Curros na Rúa do Príncipe ou Calle Arriba, escribía o seu poema «filosófico» *Le Pape*, publicado dez anos antes ca ODS, no cal o autor de *Les Misérables* e simpatizante da Comuna responde ao desafío que representa para os demócratas un León XIII aberto en aparencia ao mundo moderno. No poema de Hugo, o Papa ten un soño no cal asume a liberdade e a xustiza no mundo, regresando á Igrexa Primitiva. Logo, o Papa acorda, volta ao mundo real e exclama: «Quel rêve afreux je viens de faire!»

Pola súa parte, Curros, en ODS, procede consonte ás súas propias estratexias enunciativas. Fai que o Papa, como saben, convide a cear o Curros narrador e a sombra retranqueira de Añón. Promételles a súa conversión á pobreza evanxélica, máis só de palabra e polos efectos das xerras de bon viño de Falerno que trasfega o romano en abundancia. A ironía tenue de Hugo casa coa exaltación do seu discurso elevado, mentres que en Curros triunfa a farsa, porque ODS ou é lido como farsa e coa guía de Bakhtin ben á man ou non se entende nada.

Aínda que outras persoas falarán eiquí verbo da recepción e influencia de ODS, eu quixera reiterar o feito de que esta obra, aínda que espertou entusiasmo en moitos lectores, non tivo moita fortuna cos críticos e historiadores da literatura galega. Prescindindo das voces irritadas dos inimigos ideolóxicos de Curros, observemos que autores aparentemente neutrais teñen considerado ODS como obra cativa, ou mesmo téñeno desprezado, fenómeno ao que non é alleo o feito de se tratar de un opúsculo, dunha peza de reducidas dimensións que se presenta a si mesma como parodia. Alén diso, é cousa sabida que, como dixemos, a sátira e o humor teñen sido xerarquizados, tradicionalmente, nos máis baixos degraus da escada das Belas Letras. Finalmente ten actuado negativamente na valoración de ODS o feito de se tratar dunha obra complexa, mesmo aparente ser un texto directo, sinxelo e populista.

Ben ancorado no seu tempo histórico, a primeira sensación que nos transmite ODS é a dun certo cheiro a carbonilla e xa vemos en Emilia que o século XIX era intensamen-

⁴ Tamén aquel ano 1888 naceu Otero Pedrayo e León XIII, a petición do Cardeal Payá, co carlista López Ferreiro de asesor, proclamou a bula pontificia que sanciona que os despoxos atopados na catedral en 1879 son efectivamente os do Apóstolo Santiago o Maior. Curros non se fai eco en ODS.

te ferroviario. Algúns dos problemas políticos principais e algunhas das contradicións máis relevantes da Europa e da Galicia da época, incluído o problema da existencia dunha literatura nacional, aparecen eiquí poetizados e facturados por camiño de ferro. Mais a farsada, o elemento grotesco, o riso rachado, a insistencia no corpo, o sentido carnavalesco, retrotráenos a un sustrato festivo de raíz popular que evoca o que de medieval subsiste, para ben do mundo moderno e dos seus goces, no espírito de Rabelais. Pero o máis sorprendente, ao meus xuízo, é que ODS tende unha ponte aos modos estilísticos do século XX. É un texto precursor.

Con certeza, cando en ODS se nos presenta na noite de Madrid a aparición da Santa Compañía non podemos deixar de evocar un tenebrismo lúgubre de natureza romántica, mais decontado nos sobrecolle un calafrío que nos traslada a certa vivencia do onírico moito máis contemporánea e familiar dunha época literaria que, coma a nosa, se configurou no ronsel do surrealismo. Se, por outra banda, a famosa e sonada «carcaxada», restaurada por Alonso Montero como «gargallada», en que estrala a lúa no ODS é unha avanzada das animacións imaxinistas de inertes físicos tan característica así de *Roman-cero Gitano* como de Amado Carballo, as animalizacións caricaturescas (ODS está chego de bechos: cans dogos, tigres, cuadrumanos, non en van o campo cultural protonacionalista incluía o sabio zoólogo evolucionista Víctor López Seoane e Pardo Bazán, como non, era unha pía e fervente antidarwista) son un procedemento que sitúa a retórica currosá eiquí a só un palmo da estética esperpéntica do derradeiro Valle-Inclán.

A ironía, o sarcasmo, a invectiva, o insulto, o improprio, manéxanse con superior habelencia mentres o poema progrede a golpe de diálogo áxil, descripcións fulgurantes, reflexións cincunspectas, cando non inagardadas ou sorprendentes, retuques variados e mordaces lóstregazos ao magnesio. Cunha pericia versificadora que nin os seus piores detractores negan a Curros, as triadas —nome celtista, murguiano tirado do campo cultural protonacionalista— tal e como no inicio se anuncia, verdadeiramente ladran, morden, rin (rin moito e ese riso é marca da ausencia de resentimento neste contemporáneo de Nietzsche, felizmente), firen xustizeiras ou beixan coa sentimentalidade leal que é característica do noso poeta. Unha estrutura perfectamente medida e unha actualización lábil e animada fan da lectura deste canto contra os adversarios da liberdade, da patria, da harmonía no mundo, da igualdade e da vida, unha viaxe ao fondo de nosoutros e ao fondo dos outros que dificilmente poderemos esquecer.

«Tercetos de fuego» que dixera Otero, o fillo do médico Otero, nun texto resgatado para este congreso por X. M. Salgado.

Beizón.